

Corrección de erros.-Resolución do 3 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2006.

Advertida omisión na dita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 134, do mércores, 12 de xullo de 2006; cómpre engadir entre o anexo I e o anexo III o seguinte anexo:

ANEXO II

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

| | | | |
|--|-----------------|---|-----------------|
| TITULAR/ES DA CONTA BANCARIA | | | CIF |
| CODIGO BANCO | CÓDIGO SUCURSAL | DÍXITO CONTROL | CÓDIGO DA CONTA |
| NOME ENTIDADE BANCARIA | | | |
| ENDEREZO | | CÓDIGO POSTAL | LOCALIDADE |
| CERTIFICO: | | | |
| Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta. | | | |
| _____ | | _____ de _____ de _____ | |
| O REPRESENTANTE DA ENTIDADE | | SINATURA E SELO DA ENTIDADE BANCARIA | |

Resolución do 10 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se establecen axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego conforme a normativa oficial vixente.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 5º que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos potenciarán o seu uso en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece o apoio económico e material para os medios de comunicación que, sen seren de titularidade pública nin sometidos á xestión ou competencia de institucións da comunidade autónoma, empreguen o galego dun xeito habitual e progresivo.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 22 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, que supere a actual situación de marxinalización e de confinamento no eido cultural; lograr unha ampla oferta informativa lúdica e cultural, tematicamente variada e de calidade; pór ao alcance dos profesionais do sector os medios formativos, didácticos e técnicos suficientes que lles aseguren

unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego no seu traballo profesional; e incrementar a presenza do galego na publicidade.

O Plan establece ademais como medidas transversais aos diferentes sectores a promoción da cortesía lingüística e da oferta positiva, consistente na adopción do galego como lingua inicial, neste caso, no contacto co entrevistado.

En consonancia cos textos referidos e en cumprimento do disposto no Decreto 103/1994, do 21 de abril, no que se establecen as axudas dirixidas ás publicacións escritas integramente en galego normalizado e en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta resolución ten por obxecto o establecemento de subvencións ás empresas xornalísticas radicadas en Galicia e inscritas no Rexistro Mercantil, que difundan as súas publicacións periódicas escritas integramente en idioma galego conforme a normativa oficial vixente.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior e nos termos establecidos no artigo 3 do Decreto 103/1994, do 21 de abril, entenderanse como publicacións periódicas as que teñan un contido informativo ou de opinión, que se imprimen baixo un mesmo título en serie continua, con numeración correlativa e data de publicación, que apareza con

periodicidade fixa e con propósito de permanencia indefinida no tempo.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

1. Poderán solicitar as axudas obxecto desta resolución as empresas que editen publicacións que reúnan as seguintes condicións:

a) Que estean escritas integramente en galego conforme a normativa oficial vixente.

b) Que teñan un mínimo de 24 páxinas en formato DIN A-3 ou de 32 páxinas en formato DIN A-4 (ou o equivalente noutros formatos).

c) Que se publiquen periodicamente.

d) Que inclúan o pé de imprenta con todos os datos que estableza a lexislación vixente.

e) Que non se distribúan como suplementos, ou de forma conxunta a outra publicación.

2. Quedan excluídas da concesión de axudas:

a) Os boletíns de información interior ou de institucións.

b) As publicacións de organizacións políticas, empresariais, profesionais, sindicais ou de entidades públicas.

c) As publicacións de difusión total ou maioritariamente gratuítas.

d) As publicacións que se distribúan como suplemento ou de forma conxunta con outra publicación.

e) As publicacións que, estando sometidas ao control da Oficina de Xustificación da Difusión (OXD), non presenten o certificado acreditativo da difusión expedido polo dito organismo.

f) As publicacións que, segundo informe da Secretaría Xeral de Política Lingüística, non se publiquen en galego normativizado, segundo o establecido no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, de normas sobre uso e ensino da lingua galega (DOG do 20-4-1983) e na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e de acordo coas normas aprobadas pola Real Academia Galega en sesión plenario do 12 de xullo de 2003.

g) As publicacións que non se editasen no ano anterior e non manteñan a súa actividade no momento da concesión da subvención, ou non se comprometan a seguir publicando en galego ata o 31 de decembro de 2006, no caso de ser beneficiarias da axuda.

Artigo 3º.-Financiamento.

A concesión das subvencións reguladas nesta resolución financiarase con cargo aos créditos recollidos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 nas aplicacións orzamentarias seguintes: 04.30.353E.470.1 por importe de 600.000 euros e 04.30.361A.470.0 por importe de 57.696 euros.

Artigo 4º.-Solicitudes.

As solicitudes, axustadas ao modelo oficial que se publica como anexo desta resolución, dirixiranse ao secretario xeral de Comunicación e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Memoria en que se fagan constar os números publicados durante o ano 2005.

2. Testemuño auténtico da escritura de poder, cando o solicitante actúe en representación da persoa física ou xurídica, titular do medio.

3. Certificación da inscrición no Rexistro Mercantil, no caso de que o titular sexa persoa xurídica.

4. Copia do documento nacional de identidade do solicitante ou representante.

5. Certificación de estar ao día nos pagamentos das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

6. Certificación de non ter contraída ningunha débeda coa comunidade autónoma.

7. Declaración do número de exemplares difundidos da publicación de que se trate, durante o período a que alude o punto 1, acompañado da documentación que o acredite.

8. Documentación pola que se acredite, se é o caso, a prestación da asesoría lingüística a particulares, institucións e outras empresas.

9. Os petitionarios das axudas presentarán, coa solicitude inicial, unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes.

Artigo 5º.-Prazo e presentación de solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sito no edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela, directamente ou a través dos procedementos establecidos nos artigos 38.4º e 38.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As empresas que presenten solicitudes de axuda para máis dunha publicación deberán xuntar a documentación que se require no artigo 4º desta resolución por cada unha das publicacións.

Artigo 6º.-Tramitación dos expedientes e comisión de valoración.

1. As solicitudes de subvención e a súa documentación serán tramitadas polo servizo competente da Secretaría Xeral de Comunicación e, se é o caso, requiriranse para que emenden os posibles erros ou ausencias de documentación.

2. Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos da resolución de convocatoria serán valoradas pola comisión de valoración que se creará para tal fin, segundo os criterios de valoración establecidos nesta resolución. Esta comisión de avaliación estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: secretario xeral de Comunicación.

Vicepresidenta: secretaria xeral de Política Lingüística.

Vogis:

-O responsable do Gabinete de Comunicación.

-Un funcionario da Secretaría Xeral de Comunicación con categoría non inferior a xefe de servizo.

-Un funcionario da Secretaría Xeral de Política Lingüística con categoría non inferior a xefe de servizo.

-Un funcionario da Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeado pola secretaría xeral.

Secretario: un funcionario da Secretaría Xeral de Comunicación.

Artigo 7º.-Criterios de valoración.

a) Criterio referido ao emprego regular do galego normativo por parte do medio, requirindo o establecido no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, de normas sobre uso e ensino da lingua galega e na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coas normas aprobadas pola Real Academia Galega en sesión plenaria do 12 de xullo de 2003.

b) Criterio referido á tiraxe e difusión de exemplares, á súa periodicidade e aos números editados da publicación obxecto de avaliación.

Estes criterios acreditaranse mediante o uso de índices obxectivos.

Os números dobres dunha publicación serán considerados un único número para efectos de subvención.

Artigo 8º.-Resolución.

1. As solicitudes de axuda realizadas ao abeiro desta convocatoria serán resoltas polo secretario xeral de Comunicación en virtude do establecido na disposición adicional 2ª alínea c) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

2. Ás axudas concedidas ao abeiro desta resolución daráselles publicidade nos termos do establecido no artigo 78.8º, *in fine*, do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. No suposto de que a contía individualmente considerada sexa inferior a 3.000 euros publicarase no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral de Comunicación.

3. A comisión poderá solicitar todos os informes que considere necesarios realizando proposta, para que se adopte a resolución que proceda. Contra a dita resolución poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición nos prazos estipulados no artigo 117 da Lei 30/1992, citada anteriormente no artigo 5 desta resolución, ou acudir directamente á xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses desde a súa notificación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4. A concesión ou denegación desta liña de subvencións, axustarase aos artigos 42 e 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No prazo de seis meses desde a data de publicación desta convocatoria, dítase resolución expresa, e notificaráselle a cada unha das empresas ou entidades solicitantes, de non producirse a notificación no referido prazo e de conformidade co artigo 44.1º da citada lei, os interesados poderán entender desestimadas as súas peticións por silencio administrativo.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a:

a) A entregar dous exemplares de cada número das publicacións subvencionadas dos cales, un se remitirá a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

b) Ao reintegro, total ou parcial, da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

c) A facilitar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

d) Acreditar que se atopan ao día das súas obrigas tributarias e sociais, e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da comunidade autónoma.

e) Así mesmo, no momento da xustificación da execución total do proxecto e en calquera caso antes de efectuar o pagamento da axuda o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

2. Para os efectos de xustificar o compromiso establecido no artigo 2.2º alínea g) desta resolución, os beneficiarios deberán achegar declaración xurada do representante da empresa responsabilizándose de que continuará realizando as publicacións en galego ata o 31 de decembro de 2006.

Neste senso, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O pagamento farase efectivo na súa totalidade unha vez adoptada a resolución a que se refire o artigo 8º e acrediten o cumprimento do estipulado neste artigo.

Disposición derradeira

Única.-Nos aspectos non contidos nesta resolución aplicarase, ademais do Decreto 103/1994, do 21 de abril, o disposto nos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve, así como o artigo 41 da Lei 7/2005, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2006.

Fernando Salgado García
Secretario xeral de Comunicación

**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Comunicación

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS DIRIXIDAS A EMPRESAS QUE REALICEN PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS ESCRITAS INTEGRAMENTE EN GALEGO CONFORME A NORMATIVA OFICIAL VIXENTE | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR858A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DO SOLICITANTE

| | | | |
|---|---------------|------------|--|
| DON / DONA / EMPRESA | | NIF | |
| ACTUANDO EN: <input type="checkbox"/> NOME PROPIO <input type="checkbox"/> REPRESENTACIÓN DE _____ | | | |
| ENDEREZO | | LOCALIDADE | |
| PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | |

EXPÓN:

- 1.- Que ten coñecemento da convocatoria de axudas efectuadas pola Resolución do 10 de xullo de 2006.
- 2.- Que, de conformidade co contido da citada resolución, xunta a documentación requirida no artigo 4.

SOLICITA:

A concesión dunha axuda ao abeiro da mencionada resolución.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 10 de xullo de 2006, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se establecen axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a empresas que realicen publicacións periódicas escritas integramente en galego conforme a normativa oficial vixente.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

_____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

| | |
|---------------------|------------------------|
| RECIBIDO | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA / / |
| | DATA DE EFECTOS / / |
| | DATA DE SAÍDA / / |

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 113/2006, do 22 de xuño, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da autovía da Barbanza AG-11. Clave AC/03/036.01.75.

Mediante Resolución do 13 de marzo de 2006, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, adxudicou o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía da Barbanza. Clave AC/03/036.01.

En virtude do disposto na cláusula 30 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o concurso de concesión, a sociedade adxudicataria, *Autovía del Barbanza, Sociedad Concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A.*, asume as facultades e obrigas previstas para o beneficiario da expropiación forzosa establecidas no artigo 5.2º do regulamento da Lei de expropiación forzosa, correspondendo a potestade expropiatoria á Xunta de Galicia.

A sociedade *Autovía del Barbanza, Sociedad Concesionaria de la Xunta de Galicia, S.A.*, para a construción da citada autovía, precisa dispoñer dos terreos necesarios para a execución das obras comprendidas no proxecto de trazado autovía da Barbanza AG-11, o cal foi aprobado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o 15 de xuño de 2006 coa clave AC/03/036.01.75.

De conformidade co artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, a aprobación dos proxectos de estradas de titularidade autonómica implicará a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos correspondentes aos fins de expropiación, de ocupación temporal ou de imposición ou modificación de servidumes.

Os bens e dereitos nos que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no citado proxecto técnico.

A declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras comprendidas no proxecto técnico sinalado, considérase necesaria para dotar a comunidade autónoma dunha vía de alta capacidade que permita conectar a rede de estradas actualmente existente cun dos núcleos de maior interese turístico de toda a Comunidade Autónoma, a península da Barbanza e en xeral, a zona costeira da ría de Arousa, co que os beneficios derivados desta actuación estenderanse a toda a poboación galega.

A actuación de desdoblamento (conversión en autovía) proposta executarase no treito comprendido entre os actuais puntos quilométricos 0+000 e 40+012 da vía rápida da Barbanza cuxo itinerario

completo xa está en servizo desde o ano 2001, polo que se de resposta á necesidade de aumentar a súa capacidade e seguridade viaria.

A competencia para declarar a urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto no artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia, o artigo 2 do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas e a súa asignación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes así como o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e dous de xuño de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos que se concretan no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución do proxecto de trazado da obra: autovía da Barbanza AG-11. Clave AC/03/036.01.75.

Santiago de Compostela o vinte e dous de xuño de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Mª José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 13 de xullo de 2006 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común convocadas pola Orde do 7 de marzo de 2006.

Pola Orde do 7 de marzo de 2006 establecéronse as bases reguladoras das axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común (*Diario Oficial de Galicia* nº 52, do 15 de marzo).

No artigo 16 da devandita orde, relativo ao financiamento, detállase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para as dúas liñas de axudas que se financian nesta orde. Tendo en conta o elevado número de solicitudes de axuda que se recibiron e a necesidade dun maior financiamento, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada